



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS QUE REXERAN A ADXUDICACIÓN  
POR PROCEDEMENO ABERTO DA CONCESIÓN DEMANIAL DE 7 POSTOS NO  
NOVO MERCADO DE ABASTOS DE A ESTRADA”**

**1. OBXECTO**

É obxecto deste contrato regular, mediante concesión, a ocupación privativa dos postos nº 3,4,,8,9,12,13,14. situados na planta baixa do Novo Mercado Municipal da Estrada, nas condicións que se establecen neste prego, que son:

A actividade a executar en cada posto será elixida libremente polo comerciante, dentro das actividades autorizables de acordo co “Regulamento Praza de Abastos” en vigor.

En todo caso, deberase tratar de unha actividade comercial aberta ao publico, de negocio, non permitíndose o uso destes postos como almacén.

Mediante a presente concesión preténdese promover a prestación dun servizo público que contribúa a satisfacer as necesidades dos usuarios do Mercado Municipal de Abastos no marco do previsto no artigo 25.2.i) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 81 b) da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

Os postos obxecto de licitación poderán ser examinados polos licitadores, previa petición ao Conserxe da Praza de Abastos.

**2. RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO E DOCUMENTOS QUE TEÑEN CARÁCTER CONTRACTUAL.**

Os termos da concesión axustaranse ás condicións que figuran nestas bases, e o non previsto nelas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Texto Refundido das Disposiciones Legais Vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril o Regulamento de Bens das Corporacións Locais, de 13 de xuño de 1986, o Regulamento de Servizos das corporacións Locais de 17 de xuño de 1955, a Lei 33/2003,

de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Publicas, o RD Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por servizos de matadoiros, lonxas e mercados e o Regulamento da Praza de Abastos, e demais lexislación concordante.

### **3. ORGANO DE CONTRATACIÓN**

A competencia para o outorgamento de concesions administrativas corresponderá ao órgano competente da Corporación, atendendo ao seu importe e duración, conforme ao disposto no artigo 89 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

En relación co órgano competente para resolver, de conformidade coa Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, corresponde aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades locais a adxudicación de concesions sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxetos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millons de euros, así como a enaxenación do patrimonio, cando o seu valor non supere o porcentaxe nin a cuantía indicados. Polo tanto, neste suposto, prevista unha duración do contrato inicial de 15 anos ampliable ata os cincuenta, pero sin superar a cuantía o 10% dos recursos ordinarios do orzamento, a aprobación dos pregos e adxudicación correspondente, é competencia do Alcalde. Competencia que ten delegada na Xunta de Goberno por Decreto nº 682/2015, de 15 de xuño.

### **4. DURACIÓN DA CONCESIÓN**

A concesión outórgase polo prazo de 15 anos, unha vez cumplido o prazo, o Concello, como titular demanial do solo e do espazo comercial, recuperará a titularidade do mesmo, sen que o concesionario teña derecho a ningunha contraprestación económica ou indemnización por obras, instalacións ou melloras levadas a cabo e incorporadas ao posto.

Prorrogas, poderán prorrogarse por períodos de 5 anos, sen que en ningún caso se poidan rebasar os 50 entre a concesión e as prórrogas.

### **5. PREZO DA LICITACIÓN.**

O canon fixase en 10 euros por metro cadrado.

Establecese como prezo mínimo de licitación para cada un dos postos os seguintes importes:

- Posto nº 3: con 13,90 metros cadrados. 139 euros mes.
- Posto nº 4: con 9,65 metros cadrados. 96,50 euros mes
- Posto nº 8: con 13,80 metros cadrados. 138 euros mes

- Posto nº 9: con 13,80 metros cadrados. 138 euros mes
- Posto nº 12: con 13,35 metros cadrados. 133,5 euros mes
- Posto nº 13: con 13,35 metros cadrados. 133,5 euros mes
- Posto nº 14: con 16,80 metros cadrados. 168 euros mes

O canon poderá ser mellorado á alza polos licitadores, na súa oferta, sendo rexeitadas aquelas propostas que se presenten nas que se ofreza un prezo inferior ao indicado.

## **6. PAGAMENTO DO CANON DA CONCESIÓN E DAS TAXAS POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓN DO NOVO MERCADO**

O canon que cada un dos adxudicatarios haberá de satisfacer a este Concello pola concesión do posto adxudicado, será o que cada un deles fixará na súa proposición económica, igual ou superior ao tipo de licitación e liquidarase de forma mensual, durante os 10 primeiros días de cada mes.

Os adxudicatarios dos postos deberán aboar por meses ou trimestres, segundo se reflicta na Ordenanza Fiscal en vigor, a cantidade para gastos de servizos e conservación que se establezan.

## **7. DESTINO DOS POSTOS**

De acordo co disposto no artigo 5 do regulamento da praza de abastos o concesionario deberá dedicar os postos a venda polo miúdo principalmente de produtos alimenticios.

No caso de que se pretenda a venda dalgún produto diferente, resolverá o Concello, previa audiencia da asociación de vendedores se existise, e senón, dos vendedores afectados. Non se permitirá a comercialización de produtos alimentarios de calquera orixe dos que non se acredite a súa procedencia de establecemento autorizado.

## **8. LIMITE DE POSTOS ADXUDICADOS A UN MESMO TITULAR**

De acordo co artigo 26 do Regulamento da Praza de Abastos, establecense os seguintes límites que rexerán a adxudicación das concesións dos postos do mercado:

- O máximo de casetas por titular será de 6, quedando expresamente prohibida a anexión a doutras casetas que áinda que figuren a nome do titular, conformen unha única unidade de venda-negocio.
- Autorizarase a colocación de expositores ou mostradores que unan as casetas que conforman un negocio co fin de dar unidade de exposición e mellorar o seu rendemento comercial, debendo ser do modelo que aprobe o órgano municipal competente.

## **9. CAPACIDADE PARA CONTRATAR.**

Están capacitadas para contratar as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e non estean comprendidas nalgunha das circunstancias que enumeran os artigos 54 e 60 do TRLCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica .

As empresas estranxeiras non comunitarias deberán reunir tamén os requisitos do art. 55 do TRLCSP.

O Concello poderá contratar con uniós de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, de conformidade con establecido no art. 59 do TRLCSP

A efectos da licitación os empresarios que desexen concorrer integrados nunha unión temporal deberán indicar os nomes e mais as circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de se constituír formalmente en unión temporal no caso de resultar adxudicatarios do contrato.

Así mesmo deberán presentar cada unha delas a documentación necesaria para acreditar a súa capacidade e solvencia nos termo do presente prego, acumulándose para os efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos seus integrantes.

Estas empresas deberán ter por obxecto a realización de actividades que teñan relación directa co obxecto do contrato e dispor dunha organización dotada dos elementos persoais e materiais suficientes para a súa execución.

No suposto de resultar adxudicataria , la UTE deberá formalizar esta, en escritura pública , así como presentar o CIF de uniós temporais, todo isto dentro do prazo dos quince días seguintes a data en que se reciba a notificación de adxudicación, e a súa duración coincidirá coa do contrato ata a súa extinción.

Os empresarios que concorran agrupados en UTE, quedarán obrigados solidariamente diante da administración.

A solvencia económica e financeira poderá acreditarse por algún dos medios sinalados a continuación:

- Seguro de indemnización de riscos profesionais por importe igual ou superior ao esixido no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e nos pregos do contrato ou no seu defecto, o establecido regulamentariamente.

a) No caso de entidades con personalidade xurídica propia (sociedades mercantís):

contas anuais (Conta de Perdas e Ganancias) dos tres últimos anos presentadas no Rexistro Mercantil ou no rexistro oficial que corresponda e/ou os modelos 200 (Declaración-liquidación do Imposto sobre Sociedades) dos cinco últimos anos

b) No caso de titulares de actividades económicas no ámbito do Imposto sobre a Renda das Persoas

## Físicas (IRPF)

b.1) Empresarios e profesionais con tributación do IRPF mediante o método de estimación directa normal ou simplificada

Libro de rexistro de vendas e ingresos dos tres últimos anos (debendo estar debidamente legalizados para aqueles que teñan a dita obriga).

Modelo 390 (declaración-resumo anual do IVE) dos tres últimos anos e/ou modelo 100 (documento de ingreso ou devolución da declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas) dos cinco últimos anos.

b.2) Empresarios e profesionais con tributación do IRPF mediante o método de estimación obxectiva

Libro de rexistro de vendas e ingresos dos tres últimos anos e/ou modelo 100 (documento de ingreso ou devolución da declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas) dos últimos cinco anos.

Declaración responsable asinada polo representante legal que acredite que o libro de rexistro de vendas e ingresos reflicte a imaxe fiel da actividade económica da empresa. En caso de non dispor deste libro a declaración debe acreditar que o rendemento neto da actividade reflicte a imaxe fiel da súa actividade económica.

E, en todo caso acreditarase por calquera dos medios previstos no artigo 75 do TRLCSP.

A solvencia técnica poderá acreditarse por algún dos medios indicados a continuación:

- Titulacións académicas e profesionais dos empresarios e do persoal de dirección da empresa, e en particular, do persoal responsable da execución do contrato.
- Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que disporá para a execución dos traballos e prestacións, a que se axuntará a documentación acreditativa pertinente.

E, en todo caso, acreditarase por calquera dos medios previstos no artigo 79 do TRLCSP.

De conformidade co art. 74.2 do TRLCSP, tamén servirá para acreditar a solvencia económica e técnica do empresario, a súa clasificación en contratos do mesmo tipo.

Todos estes documentos, necesarios para acreditar a solvencia económica e finanecera e técnica dos licitadores, poderán ser substituídos, pola presentación do documento acreditativo da súa inscrición no Rregistro de Contratistas da Xunta de Galicia. (Recordar que este documento só deberá presentarse polo proposto como adxudicatario no momento que lle sexa requerido xunto coa proposta de adxudicación).

## **10. GARANTÍA PROVISIONAL E DEFINITIVA.**

**Garantía provisional:** Segundo o establecido no artigo 103.1 do TRLCSP non se esixe garantía provisional.

**Garantía definitiva:** O licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa na licitación deberá constituir na Tesourería Municipal, dentro do prazo de dez días hábiles, contados a partires de aquel en que houbera recibido o requerimento, unha garantía do 5% do prezo ofertado polo posto ou postos, calculado sobre os 15 anos de concesión, en caso de ser adxudicatario de varios postos deberá constituir a garantía por cada un deles, nas formas previstas no artigo 96 do TRLCSP.

De non cumprimentarse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas (artigo 151.2 do TRLCSP.)

No caso de que se fagan efectivas sobre a garantía as penalidades ou indemnizacións esixibles ao adxudicatario, este deberá repoñer ou ampliar aquela, na contía que corresponda, no prazo de quince días dende a execución, incorrendo en caso contrario en causa de resolución

## **11.- PERFIL DO CONTRATANTE**

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade nos casos esixidos polo TRLCSP ou nos que así se decida voluntariamente, o Concello difundirá a través de Internet ([www.aestrada.com](http://www.aestrada.com)) no seu perfil de contratante. Neste perfil publicaranse todas as noticias, aviso e documentación relativos a este contrato.

Cando non se facilitara o acceso aos pregos ou a outra documentación complementaria, os interesados poderán solicitar que se lle envíe. Esta documentación será enviada no prazo de 6 días a partir da recepción de dita solicitude, segundo o disposto no artigo 158 do TRLCSP. Así mesmo, os licitadores poderán consultar os pregos e demais documentación no Departamento de Secretaría deste Concello en horario de 09:00 a 14:00 horas.

## **12. PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN.**

De acordo co artigo 93 da Lei 3/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas: “*O outorgamento de concesións sobre ben de dominio público efectuarase en réxime de concorrencia.*” O mencionado artigo ten carácter básico segundo o disposto na Disposición Final 2ª da devandita Lei, de acordo con preceptuado no artigo 149.1.18 da Constitución Española.

Este expediente de contratación tramitarase por procedemento aberto, consonte ao establecido nos artigos 157 e seguintes do TRLCSP., e tramitación ordinaria.

### **13. PROPOSICIÓN, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.**

Os interesados disporán dun prazo de 15 días naturais, contados dende a publicación do anuncio do contrato no BOP, para a presentación da súa proposta de participación.

Caso de que o último día de prazo fora inhábil ou sábado, o prazo quedará prorrogado, ata o seguinte día hábil non sábado.

Tamén se poderán presentar por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e no artigo 80 do R. D. 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, agás por correo electrónico.

Cando a documentación se envíe por calquera dos procedementos antes sinalados o empresario deberá xustificar a data e a hora da imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante correo electrónico (secretaria@aestrada.es), ou tamén mediante fax (número 986 570233) ou telegrama, sempre no mesmo día.

A Proposta de participación presentarase nun sobre pechado, que levará a inscrición:

“Documentación Administrativa e Oferta do procedemento aberto para o “LICITACIÓN DA CONCESIÓN DEMANIAL DE 7 POSTOS NO NOVO MERCADO DE ABASTOS DE A ESTRADA” presentada por .....”. No interior dese sobre deberán vir á súa vez tres sobres, segundo o previsto nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares (Sobre A: Documentación Administrativa; Sobre B: Documentación correspondente a Memoria de actividades a desenvolver Sobre C: Documentación correspondente á oferta económica.

### **14. DOCUMENTACION A PRESENTAR**

En aplicación do disposto no art. 146 do TRLCSP, na redacción dada polo art. 44.4 da Lei 14/2013, de 27 de setembro de 2013, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización, a documentación administrativa, no momento de presentación da proposición consistirá nunha **declaración responsable** que vai unida a este prego como **anexo I**, respectando o modelo que se xunta. Dita declaración debe ter como data de referencia a de finalización do prazo de presentación de proposicións.

O licitador en quen recaia a proposta de adxudicación, ou aquel que sexa requerido polo órgano de contratación, deberá acreditar ante dito órgano, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos no art. 146.1 do TRLCSP, que de seguido se relacionan. Ditos documentos poderán ser substituídos, no momento da proposta de adxudicación, pola presentación da súa inscrpción no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia.

## **SOBRE NÚMERO A: DOCUMENTACIÓN XERAL**

Conterá, de conformidade co que dispón o artigo 146 do TRLCSP, a seguinte documentación que deberá reunir os requisitos de autenticidade previstos nas Leis:

### **A.- PORTADILLA**

Escrito, asinado polo mesmo que asinará no seu caso o contrato, no que conste o número de teléfono e de fax, endereço, e a persoa á que dirixi-las comunicacións e requirimentos que sexa preciso realizar durante o procedemento de contratación.

### **B.- CAPACIDADE**

Empresario individual: Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade, pasaporte ou documento equivalente.

Persoas xurídicas:

-Fotocopia compulsada do DNI do asinante da proposición.

-Escritura de constitución e modificación, no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil, que lle sexa aplicable.

-Fotocopia da Tarxeta de Código de Identificación Fiscal (CIF), debidamente compulsada

Empresas non españolas de estados membros da Unión Europea:

-Certificación de inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidas, ou declaración xurada ou certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

Empresas non comunitarias:

-Informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente (ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa) relativo á súa capacidade de obrar.

-Informe da Misión Diplomática Permanente española de que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma substancialmente análoga.

As empresas estranxeiras (tanto as comunitarias como as non comunitarias) presentarán a súa documentación traducida de forma oficial ó castelán ou ó galego.

### **C.- PODERES**

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de Sociedade ou Persoa xurídica, deberá acompañarse Poder bastante para representar á Persoa ou Entidade en nome da que vai actuar ante a Administración.

A mera presentación do Poder equivale a unha declaración expresa do apoderado de que o poder se atopa en vigor.

#### D.-BASTANTEO

Os poderes ós que se refire o apartado anterior deberán bastantearse previamente polo Secretario Xeral da Corporación, Notario ou letrado en exercicio.

#### E.- DECLARACIÓN RESPONSABLE E XUSTIFICACIÓN DE ESTAR Ó CORRENTE DAS OBRIGACIÓNIS TRIBUTARIAS E PARA COA SEGURIDADE SOCIAL

Declaración de non estar incuso o licitador nas prohibicións para contratar recollidas no artigo 6o do TRLCSP, que recollerá expresamente a circunstancia de atoparse ó corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes (sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal circunstancia deba presentarse en todo caso antes da adxudicación, pola parte do licitador que previsiblemente vai resultar adxudicatario).

#### F- ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA ECONÓMICA E TÉCNICA:

##### 1) Solvencia económica e financeira

A solvencia económica e financeira poderá acreditarse por algúns dos medios sinalados a continuación:

- Seguro de indemnización de riscos profesionais por importe igual ou superior ao esixido no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e nos pregos do contrato ou no seu defecto, o establecido regulamentariamente.

a) No caso de entidades con personalidade xurídica propia (sociedades mercantís):

contas anuais (Conta de Perdas e Ganancias) dos tres últimos anos presentadas no Rexistro Mercantil ou no rexistro oficial que corresponda e/ou os modelos 200 (Declaración-liquidación do Imposto sobre Sociedades) dos cinco últimos anos

b) No caso de titulares de actividades económicas no ámbito do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF)

b.1) Empresarios e profesionais con tributación do IRPF mediante o método de estimación directa normal ou simplificada

Libro de rexistro de vendas e ingresos dos tres últimos anos (debendo estar debidamente legalizados para aqueles que teñan a dita obriga).

Modelo 390 (declaración-resumo anual do IVE) dos tres últimos anos e/ou modelo 100 (documento de ingreso ou devolución da declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas) dos cinco últimos anos.

b.2) Empresarios e profesionais con tributación do IRPF mediante o método de estimación obxectiva

Libro de rexistro de vendas e ingresos dos tres últimos anos e/ou modelo 100 (documento de ingreso ou devolución da declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas) dos últimos cinco anos.

Declaración responsable asinada polo representante legal que acredite que o libro de rexistro de vendas e ingresos reflicte a imaxe fiel da actividade económica da empresa. En caso de non dispor deste libro a declaración debe acreditar que o rendemento neto da actividade reflicte a imaxe fiel da súa actividade económica.

E, en todo caso acreditarase por calquera dos medios previstos no artigo 75 do TRLCSP.

## 2) Solvencia técnica

A solvencia técnica poderá acreditarse por algún dos medios indicados a continuación:

- Titulacións académicas e profesionais dos empresarios e do persoal de dirección da empresa, e en particular, do persoal responsable da execución do contrato.
- Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que disporá para a execución dos traballos e prestacións, a que se axuntará a documentación acreditativa pertinente.

E, en todo caso, acreditarase por calquera dos medios previstos no artigo 79 do TRLCSP.

De conformidade co art. 74.2 do TRLCSP, tamén servirá para acreditar a solvencia económica e técnica do empresario, a súa clasificación en contratos do mesmo tipo.

## G- SOMETEMENTO DAS EXPRESAS ESTRANXEIRAS ÓS TRIBUNAIS ESPAÑOIS

Declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para tódalas incidencias que de xeito directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ó foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ó licitante.

## H- DOCUMENTO DE ACEPTACIÓN DE FORMA DE COMUNICACIÓN/NOTIFICACION

De acordo co disposto no artigo 146.1.d) do TRLCSP, os licitadores indicarán unha dirección de correo electrónico a efectos de notificación de acordo co seguinte modelo:

D/Dna.: ..... , no seu nome propio (ou en representación da empresa.....), acepto expresamente que as comunicación que realice o concello da Estrada, se envíen ao correo electrónico:.....

En.....a.....de.....2015

Sinatura do licitador

Lémbrese que estes documentos que se acaban de relacionar, poderán ser substituídos, no momento da proposta de adjudicación, pola presentación da súa inscrición no Rexistre de Contratistas da Xunta de Galicia.

**SOBRE B: Documentación relativa a criterios non avaliables de forma automática**  
para a "LICITACIÓN DA CONCESIÓN DEMANIAL DE 7 POSTOS NO NOVO MERCADO DE

## ABASTOS DE A ESTRADA”

Proxecto e actividades a realizar no posto:

a) Proxecto de explotación

b) Actividade a realizar no posto:

- Produto novedoso ( considerarase produto novedoso aquel que non se atope á venda no momento presente o ámbito de localización do Novo Mercado, ou ben que amose novedades en canto ao seu envasado, elaboración ou presentación).

- Produto ecolóxico de producción local.

**SOBRE C: Oferta económica** para participar na “LICITACIÓN DA CONCESIÓN DEMANIAL DE 7 POSTOS NO NOVO MERCADO DE ABASTOS DE A ESTRADA”. Conterá a oferta económica na que se expresará o prezo do canon estritamente formulado con arranxo ao modelo que se incorpora como Anexo II deste prego.

Cada licitador indicará a cuntos postos opta, respectando sempre o límite de postos adxudicables, e a súa orde de preferencia.

## 15. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Os criterios que serviran de base á valoración das ofertas será os seguintes:

Para o sobre B:

Proxecto e actividades a realizar no posto ata 20 puntos, repartidos do seguinte xeito:.

a) Proxecto de explotación: ata 10 puntos.

- A creación de emprego, 2 puntos por cada emprego a xornada completa e 1 punto a media xornada ata un máximo de 5.
- Servicios adicionais que se vaian a prestar como venta por internet, pago con tarxeta, entrega a domicilio, ata un máximo de 5 puntos.

b) Actividade a realizar no posto:

- Produto novedoso.....5 puntos

( considerarase produto novedoso aquel que non se atope á venda no momento presente o ámbito de localización do Novo Mercado, ou ben que amose novedades en canto ao seu envasado, elaboración ou presentación).

- Produto ecolóxico de producción local.....5 puntos.

Para o sobre C:

- Maior canon ofertado: ate 80 puntos. Outorgarase a maior puntuación á oferta que presente maior canon en cada posto asignándose aos restantes de maneira proporcional, outorgándolle o puntos aos que liciten polo prezo da licitación.

## **16. MESA DE CONTRATACIÓN**

De acordo con disposto no artigo 320 do TRCSP, o Órgano de contratación estará asistido por unha Mesa de Contratación para a cualificación dos documentos e o exame e a valoración das ofertas, as persoas que comporán a devandita Mesa de contratación designaranse de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda, apartado 10, do TRLCSP.

A Mesa de contratación estará composta polos seguintes membros:

Presidente, que será o da Corporación ou Concelleiro en quen delegue.

Vogais: A Secretaria Xeral.

A Interventora.

Dous técnicos municipais designados pola Alcaldía

Secretario: un funcionario/ do Concello.

Segundo o establecido no artigo 21.4 do RD 817/2009 publicarase a súa composición no perfil do contratante.

## **17. CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL E APERTURA DE PROPOSICIÓNNS.**

A cualificación da documentación presentada a que se refire o artigo 146.1 do TRLCSP, realizarase pola mesa de contratación constituída para o efecto unha vez rematado o prazo de presentación de proposicións.

Se a mesa observase defectos ou omisións emendables, ou necesitase aclaracións sobre os certificados e documentos presentados ou achega doutros complementarios, para os efectos previstos nos artigos 72 a 82 do TRLCSP, poderá conceder para iso un prazo non superior a tres (3) días hábiles, o que se lle comunicará aos interesados para que aporten a documentación ou aclaración requirida.

Do actuado deixarase constancia na acta que necesariamente deberá estenderse.

A apertura do **SOBRE B, Documentación relativa a criterios non availables de forma automática**, levarase a cabo nun acto de carácter público que se celebrará unha vez aberta a documentación administrativa.

Para este efectos comunicárselle aos licitadores, mediante notificación por fax ou correo electrónico e publicada no perfil do contratante do órgano de contratación, o lugar, data e hora do acto público de apertura dos mencionados sobres.

Neste acto pola presidencia da Mesa informaráselle do resultado da cualificación da documentación presentada polos licitadores, con expresión das proposicións admitidas, as rexeitadas e as causas da exclusión. A continuación procederá á apertura da documentación incluída no sobre B, relativa a criterios non availables de forma automática, tal e como prevé o artigo 27 do RD 817/2009.

Unha vez que a mesa de contratación realizou as anteriores actuacións e a valoración, solicitando informes técnicos, no seu caso, sobre a documentación incluída no sobre B, comunicaralle aos licitadores, mediante notificación remitida por fax ou correo electrónico, e publicada no perfil do contratante do órgano de contratación, o lugar, data e hora de acto de apertura do **SOBRE C: Oferta económica**

O acto comenzará dando a coñecer a puntuación asignada á avaliación dos criterios que depende de xuízos de valor.

Acto seguido, procederase á apertura do Sobre C, e a dar lectura ás ofertas económicas e demais elementos que se teñen que valorar mediante a aplicación de fórmulas, escalas ou porcentaxes.

Para a valoración das ofertas, a Mesa de Contratación poderá recabar os informes ou aclaracións que estime oportunos dos técnicos municipais.

## **18. CRITERIOS PARA RESOLVER EVENTUAIS EMPATES**

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou mais empresas empaten na maior puntuación, este empate resolverase de acordo coa seguinte orde de preferencia:

- a) En primeiro lugar terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña na súa plantilla maior número de traballadores minusválidos (non inferior as 2%) de conformidade co establecido na Disposición Adicional 4<sup>a</sup> do TRLCSP.
- b) En segundo lugar, resolverse a favor do licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos.
- c) En caso de que persista o empate celebrarase un sorteo entre os licitadores empatados.

## **19. PROPOSTA PRELIMINAR DE ADXUDICACIÓN**

A Mesa de Contratación clasificará, por orde decrecente, as propostas presentadas e que non foran declaradas desproporcionadas ou anormais. Para realizar a dita clasificación, atenderá aos criterios de adxudicación sinalados na cláusula 15 deste prego.

O órgano de contratación, a vista da proposta realizada pola Mesa de Contratación, acordará a adxudicación provisional, que deberá notificarse aos candidatos ou licitadores e publicarase no perfil do contratante do Concello da Estrada.

A proposta de adxudicación non crea dereito algúns a favor do licitador fronte a Administración. Pois, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión.

## **20. REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN E ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.**

O órgano de contratación requirirá ao **licitador que teña presentado a oferta máis vantaxosa** para que, dentro do prazo de **dez días hábiles** a contar desde o seguinte a aquel en

que tivera recibido o requerimento, presente a seguinte documentación:

- Documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Xustificante acreditativo de ter constituída a garantía definitiva, consonte co establecido na cláusula décima deste prego.
- Xustificante de alta no IAE e último recibo de pagamento (no seu caso):
- Aseguramento: A empresa adxudicataria deberá presentar , despois da adxudicación, e antes da sinatura do contrato, póliza de responsabilidade civil cunha cobertura mínima de 150.000 euros, e certificado acreditativo pola entidade aseguradora de que se encontra ao corrente dos pagos. Tamén estará obrigado a presentar ao vencemento da póliza o recibo acreditativo do pago da renovación da mesma. Dita póliza cubrirá os danos que puidesen producirse durante a execución do contrato.
- Cané de manipulador de alimentos, nos casos de que sexa legalmente esixible para o exercicio da actividade.

No caso de non cumplimentarse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

Segundo o establecido no artigo 151.3 do TRLCSP o **órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco (5) días hábiles seguintes** ao da recepción da documentación. Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algúna oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

A adxudicación deberá ser motivada, notificaráselle aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante. Tanto a notificación como a publicación no perfil do contratante indicarán o prazo no que debe procederse á súa formalización, conforme ao artigo 156.3.

A notificación farase por calquera dos medios que permiten deixar constancia da súa recepción polo destinatario.

## **21. PERFECCIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

O contrato perfeccionarase mediante a súa formalización.

O contrato formalizarase en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación, constituíndo o dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos, En ningún caso se poderán incluír no documento no que se formalice o contrato cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación.

A formalización deberá efectuarse non máis tarde **dos quince (15) días hábiles**

**seguintes** a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos na forma prevista no artigo 151.4 do TRLCSP.

Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización, excepto nos casos previstos no artigo 113 da Lei.

O presente prego, o prego de Prescripcións técnicas, a Memoria da Actividade a Desenvolver e a oferta revestirán carácter contractual, polo que deberán ser asinados, en proba de conformidade, polo adxudicatario, no mesmo acto da formalización do contrato.

Cando por causas imputables ao contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a resolución deste, así como a incautación da garantía provisional, no caso en que fora esixible a súa constitución, de acordo co establecido no artigo 156.4 do TRLCSP. Se as causas da non formalización foran imputables á Administración, indemnizarase ao contratista dos danos e prexuízos que a demora lle puidera ocasionar.

## **22. EXECUCIÓN DO CONTRATO.**

O Contratista está obrigado a organizar e prestar o servizo con estrica suxección ás características establecidas no contrato. O Concello conservará os poderes de policía necesarios para asegurar a boa marcha dos servizos, e así mesmo correspóndeelle a potestate de dirección e control do servizo que se preste nas instalacións obxecto da concesión. Esta potestate comporta a posible modificación e a inclusión implícita da cláusula de actualización do servizo, de acordo cos estándares económicos e sociais de cada momento.

## **23. SUBCONTRACCIÓN E TRANSMISIÓN DA CONCESIÓN**

Dada a natureza e condicións do contrato, o exercicio da concesión realizarase de forma total e directa polo seu titular prohibíndose de forma expresa calquera forma de subcontratación. Non obstante permítense a actuación de colaboradores do titular do posto de acordo coa lexislación vixente.

## **24.- TRANSMISION E TRASPASOS**

Se un posto quedara vacante por defunción do seu titular, os seus herdeiros poderán solicitar o dereito a ocupalo nas mesma condicións que tiña o titular falecido. Para efectuar dita solicitude teñen o prazo de tres meses, de non facelo así o posto quedará vacante.

En caso de xubilación do titular, este solicitará do Concello a continuación dos seus dereitos en favor do cónxuge ou fillo que conviva con el ou doutro que designe para continuar coa actividade durante o tempo que lle reste para a caducidade da licenza, pasando a ser o novo titular a persoa designada.

Ata un ano antes de finalizar o período de vixencia, os concesionarios dos postos poderán traspasar os seus dereitos, logo de autorización do órgano municipal competente, sempre que non adeude ningunha cantidade ao Concello.

O tempo máximo que poderán permanecer en situación de traspaso será de noventa días, debendo comunicalo por escrito ao Concello.

## **25.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO**

Ao amparo do disposto nos artigos 210,211 e 219 do TRLCSP, o órgano de contratación poderá acordar, unha vez perfeccionado o contrato e por razóns de interese público, modificacións nas características do contrato cando sexan consecuencia de causas imprevistas, e sen que poidan afectar ás condicións esenciais do mesmo.

## **26. PAGAMENTO DE GASTOS, IMPOSTOS E LICENZAS.**

Así mesmo o adxudicatario do posto sufragará todo tipo de gastos, gravames ou tributos que se ocasionen con motivo da preparación e formalización do contrato.

Independentemente do prezo da concesión, o adxudicatario deberá de satisfacer as taxas que para cada período ou ano se establezan nas ordenanzas municipais vixentes, en relación co mantemento da praza de abastos ou pola realización das actividades que se establezan.

## **27. DEREITOS E OBRIGAS DOS CONCESIONARIOS**

En canto aos dereitos e obrigas estarase ao disposto nos artigos 39, 40 e 41 do Regulamento da Praza de Abastos.

## **28. INFRACCIONES E SANCIÓNS**

No caso de que o concesionario no cumpra as súas obrigas pode ser sancionado polo Concello. As infraccións cualificaranse como leves, graves ou moi graves, de conformidade co sinalado no Regulamento do Servizo en vigor.

## **29. RESCATE DA CONCESIÓN**

A corporación resérvase o derecho a deixar sen efectos a concesión antes do vencemento se así o xustifiquen as circunstancias sobrevidas de interese público, mediante indemnización ao concesionario dos prexuízos que se lle causara, de ser o caso, o sen ela cando non procedese.

En ningún caso procederá a indemnización no caso de que o rescate se produza por dolo ou negligencia grave no cumplimento das obrigas por parte do concesionario.

No caso de rescate o concesionario comprométese a deixar libres as instalacións no prazo de tres meses contados a partires da data de notificación do acordo.

## **30. DEVOLUCION E CANCELACIÓN DA GARANTIA.**

Finalizado o contrato, si non resultaren responsabilidades que hoberan de exercitarse sobre a garantía, ditarase acordo de devolución daquela ou cancelación do aval, unha vez emitido un informe por técnico competente.

### **31. INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN.**

Unha vez vencida a concesión ou no caso de resolución do contrato, a totalidade das instalacións reverterán en favor do Concello de da Estrada en perfecto estado de conservación e libres de calquera carga ou gravame.

Dous meses antes de finalizar o pazo de concesión, os servizos técnicos municipais xirarán unha visita ao posto para comprobar o estado no que se atopa o local, emitindo un informe ao respecto, no que se indicarán, no seu caso, as obras necesarias para manter o posto en condicións mínimas de uso. De ser necesarias estas obras, serán de conta do concesionario.

O concesionario non terá a obriga de reverter ao Concello os bens que puidera adquirir para realizar a súa actividade.

A Estrada a 15 de novembro de 2016



Asdo. José López Campos

## **Anexo I. DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D./Dna. ...., con DNI ..... en nome propio ou en representación da empresa ....., con CIF ....., manifesta a súa vontade de participar no procedemento aberto, modalidade de concurso, convocado para a “CONCESIÓN DEMANIAL DE 7 POSTOS NO NOVO MERCADO DE ABASTOS DE A ESTRADA”

### **DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

**Primeiro.**- Que cumpre todos os requisitos previos esixidos polo punto primeiro do artigo 146 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público para ser adxudicatario do contrato antedito, en concreto,os seguintes:

- 1.- Que coñece os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescripcións técnicas que serven de base ó contrato e que os acepta como lei de contrato.
- 2.- Que cumpre coas condicións establecidas legalmente no TRLCSP para contratar co Concello da Estrada, ostentando plena capacidade xurídica e de obrar e , de ser o caso, ten poder bastante para representar a empresa neste procedemento de contratación.
- 3.- Que cumpre cos requisitos de solvencia económica, financiera, técnica ou profesional esixidos para contratar coas Administracións Públicas.
- 4.- Que non está incuso en ningunha das prohibicións para contratar, sinaladas no artigo 6o do TRLCSP.
- 5.- Que se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte ó Estado e ao Concello da Estrada e fronte á Tesourería da Seguridade Social.
- 6.- Que ten a clasificación esixida no Prego de Cláusulas Administrativas e que está vixente á data de presentación da oferta, sendo esta: Grupo ..... Subgrupo ..... Categoría ..... (no caso de que se esixa clasificación conforme aos Pregos Administrativos).

No caso de que unha parte da prestación obxecto do contrato, cuxo importe non exceda do 50% do prezo do contrato, teña que ser realizada por empresas especializadas cunha determinada habilitación ou autorización profesional, a mercantil declara que suplirá a clasificación no subgrupo correspondente a dita especialización subcontratando a execución desta parte con outros empresarios que dispoñan da habilitación e no seu caso, clasificación necesaria.

7.- No suposto de que a personalidade xurídica do empresario e, no seu caso, a súa representación, así como os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional se acreden mediante a certificación dun Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas ou mediante un certificado comunitario de clasificación, o licitador manifesta que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.

8.- Que acepta o correo electrónico como medio de notificación das actuacións que resulten do presente expediente, no caso de que o Concello decida facelo mediante este medio, sendo o mesmo o seguinte: .....

9.- No suposto de que o licitador sexa estranxeiro, comprométese a someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españoles de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ó foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder.

**Segundo.**- Que se compromete, no caso de que a súa oferta resulte máis vantaxosa, a presentar, previamente a adxudicación do contrato, os documentos aos que se fai referencia no punto primeiro desta declaración e que sinalen os pregos que rixen esta contratación.

E para que así conste, asina esta declaración na Estrada, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 20\_\_\_\_

ANEXO II.

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA PARA OPTAR AOS POSTOS

D/Dna....., con D.N.I. nº....., actuando en nome propio / en representación da entidade....., con CIF nº....., con endereço a efectos de notificacións en .....,

EXPÓN

Que tendo coñecemento do procedemento tramitado polo Concello de A Estrada para a CONCESIÓN DEMANIAL DE 7 POSTOS VACANTES NO NOVO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS, fai constar expresamente que:

Acepta tomar parte na indicada licitación de acordo coas condicións previstas polo Concello de A Estrada.

Coñece e acepta de forma plena e sen condición algunha o prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación xunto co prego de prescripción técnicas, aceptando integralmente os termos, cláusulas e obrigas contidos nos documentos indicados, sen excepción.

Realiza a seguinte oferta económica para a adxudicación de.....(indicar a cantos postos opta),

**coa seguinte orde de preferencia:**

		CANON OFERTADO
1º	Posto nº	
2º	Posto nº	
3º	Posto nº	
4º	Posto nº	
5º	Posto nº	
6º	Posto nº	

Comprometese e obligase expresamente a presentar no Rexistro Xeral do Concello e dentro do prazo establecido neste prego, a documentación requirida para a formalización do contrato.

(Lugar, data e sinatura do representante legal e selo da empresa)

